

## ESTUDO COMPARATIVO ARES-MUGARDOS

Inés Díaz. 2º BAC A  
Marta Pérez. 2º BAC A



O noso estudo amosa as relacións entre Ares e Mugardos nos ámbitos económicos, educativos e da poboación baseados nos datos que proporciona o IGE correspondentes ao ano 2014.

Ares conta cunha superficie de 18'3 km<sup>2</sup>, cunha poboación de 5741 habitantes, fronte a Mugardos, que ten uns 12'8 km<sup>2</sup> e 5417 habitantes. Con estes datos podemos comprobar que a densidade de poboación é maior en Mugardos, xa que só ten sobre 300 habitantes menos pero a súa superficie é de aproximadamente 6 km<sup>2</sup> menos.

Como podemos observar, en ambas situacións máis do 50% da poboación está comprendida na franxa de idade de entre 16 e 64 anos, dándose tamén o caso de que os estranxeiros son una minoría considerable. Agora compararemos Ares con Mugardos:


Nas dúas primeiras clases (de 0 a 15 anos, e de 16 a 64 anos), Ares conta con maior número de habitantes, igual que no caso dos estranxeiros, mentres que de 65 anos en diante Mugardos o supera en número, o que quere dicir que Mugardos ten máis xente maior.

Por esta razón a idade media de Mugardos, que é de 48'8 anos, é máis elevada que a de Ares, con 46'7 anos. Desta maneira a taxa de mortalidade de Ares, con 68 defuncións no último ano, ten un porcentaxe de 11'9. En Mugardos, houbo 76 falecidos, o que equivale a un 12'2%.




Polo contrario, a taxa de natalidade é menor en Mugardos que en Ares, sendo as porcentaxes 5'2 e 7'5 respectivamente.

Por outra banda, nos poñemos en números case iguais en canto aos matrimonios, xa que tan só hai unha voda de diferenza entre ambos concellos. Así, en Mugardos hai 25 e en Ares 26. É probable que estes datos estén relacionados co número de nacementos, onde tamén é superior Ares, con 36 nacementos fronte os 30 de Mugardos. Á súa vez isto vese reflexado na taxa de fillos/muller, cun 0'8% en Mugardos e 1'2% en Ares.



En canto a educación, Mugardos conta con 717 alumnos matriculados fronte aos 456 de Ares. Estes estudantes están divididos en infantil, primaria e secundaria, deste xeito:



Observamos que a pesar de que a poboación é superior en Ares e o número de persoas de entre 0 e 16 anos tamén é maior, a cantidade de nenos matriculados é superior en Mugardos en todos os casos.

Por outra parte, o total de traballadores en Mugardos é 1540 de novo inferior ao de Ares, 1684. Estes divídense en sectores, que son:

	<b>MUGARDOS</b>	<b>ARES</b>
<b>AGRICULTURA E PESCA</b>	90	58
<b>INDUSTRIA</b>	288	270
<b>CONSTRUCCIÓN</b>	128	161
<b>SERVIZOS</b>	1033	1195

Mugardos destaca na agricultura e pesca, e na industria, mentres que en Ares predominan a construción e os servizos. En ambos os casos dáse o caso de que o sector servizos agrupa á maioría de traballadores, e destacan os 90 empregados de agricultura e pesca en Mugardos, fronte aos tan só 58 de Ares.

